

## **Fillas de Cassandra "encarnan" o seu novo álbum, 'Tertúlia': doce cancións convertidas en escultura na Fundación Granell**

**O dúo vigués leva a portada do seu disco a un recinto museístico: unha ducia de pezas escultóricas explora a forma, o peso e a textura das cancións, que se poderán preescoitar antes do seu lanzamento**

**A instalación 'TERTÚLIA: doce cancións, doce cadeiras' poderase visitar na tarde deste martes 7 e ao longo do mércores 8 na Granell; e a partir do venres 10 en Madrid, no espazo Infinito Delicias**

**Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026.-** De ser portada dun disco a conformar unha exposición. Doce cadeiras despregadas nun círculo para facilitar organicamente o encontro. Unha roda para conversar e para poñer a palabra no centro. Doce pezas, unha por cada canción do disco, son as protagonistas de 'Tertúlia', o novo álbum de Fillas de Cassandra. Mais tamén desde hoxe, e ata mañá, da unha exposición temporal que o público pode visitar, de balde, na Fundación Granell.

**Que forma, textura ou cor terían as cancións se fosen cadeiras?** Baixo esta premisa agroma **'TERTÚLIA: doce cancións, doce cadeiras'**, unha exposición que hibrida a creación musical de Fillas de Cassandra coa práctica escultórica e escenográfica do colectivo As dúas e punto. A mostra invita ao público a entrar fisicamente na portada do novo disco do dúo, un álbum que verá a luz o 24 de abril.

A elección da cadeira como dispositivo narrativo desta 'Tertúlia' non é arbitraria; remite á oralidade, á escoita, á expresión. Ás mulleres que sacaban o asento á rúa para "saír á fresca" e falar, conversar, dialogar; para transformar o espazo público nun lugar de transmisión e complicidade, idea que atravesa o segundo LP das viguesas. Esta exposición recupera ese xesto para encarnar a música en doce pezas que funcionan como partituras tridimensionais.

As cadeiras da exposición -que tamén se poderá visitar en Madrid os días 10 e 11 de abril no espazo Infinito Delicias- non son practicables nin buscan a comodidade neutral. Ao igual que as letras de 'Tertúlia', estas pezas toman partido: algunhas ofrecen refuxio mentres outras incomodan ou expulsan, obrigando á receptora a

situarse ante a obra. A disposición circular das doce pezas e as indicacións de "posible falar" que se ven no espazo activan de maneira orgánica a tertúlia, transformando o museo nunha praza pública de intercambio.

### **Doce cancións, doce cadeiras**

A instalación artículase como unha experiencia espacial onde cada cadeira conta cun stand individual de escoita. Estas son as doce cancións transformadas en pezas escultóricas que conforman a mostra.

1. **'SAÍR Á FRESCA'**: Unha estrutura metálica con cinchas de cores rechamantes e pintura en spray verde, evocando a estética das cadeiras de praia históricas.
2. **'ALBOROTO'**: Unha "anti-cadeira" agresiva, cuberta de pinchos anti-pombas negros, deseñada para sinalar límites e incomodar.
3. **'MAGNÉTICA'**: Unha peza que simboliza o fervor do encontro, construída con elementos variados que van desde unha cáscara de pipa ata unha perna de boneca.
4. **'TERTÚLIA'**: A peza máis sólida e funcional, de madeira e metacrilato espello, que convida ao reflexo e a comezar a desobedecer.
5. **'CUCHICHEO'**: Estructuras de plástico branco entrelazadas cunha bota de charol negro, representando o rumor constante e a complicidade. Na canción, Fillas de Cassandra conta coa colaboración de Pipiolas.
6. **'FILLA FILLIÑA'**: Unha mecedora de madeira e ratán que funciona como unha nana interxeracional, tan tranquilizadora como inquietante, na que Abraham Cupeiro participa no disco.
7. **'AMOR'**: Unha peza forzosamente comfortable de poliuretano verde e cinchas laranxas, que fala da forza do aferro e do duelo.
8. **'VERBENA'**: Estructura circular de médula de ratán que conecta coas espigas de Maruja Mallo e a idea de continuar o baile cando a festa remata.
9. **'BUCÓLICA'**: Cadeira-refuxio de madeira cuberta de musgo artificial e flores naturais, que simboliza a pausa e o tempo de botar raíces. O navarro Zetak colabora nesta canción.
10. **'INSOLACIÓN'**: Unha estrutura de metacrilato e cera branca que representa o extase da liberación en comunidade ata derreterse.
11. **'DÉIXATE VER'**: Xogo entre a transparencia do metacrilato e a presenza dunha pedra de papel maché, sobre o baleiro que deixan as amizades esvaídas, e que no disco tamén canta Ede.
12. **'LODOS'**: Unha peza de terciopelo morado e espuma branca que celebra a certeza da amizade e o desexo de quedarse mentres pasan os lodos.

## **Tertúlia, o segundo LP de Fillas de Cassandra**

O 24 de abril María SOA e Sara Faro lanzarán, da man de Altafonte, 'Tertúlia', o seu agardado segundo LP. Un traballo que supón un paso firme na súa evolución artística, onde o orgánico e o electrónico se entrelazan para dar voz a un diálogo que transcende o tempo.

'Tertúlia' é un convite a desobedecer a través do encontro e da palabra. Neste novo traballo, producido xunto a Çantamarta polas propias Fillas de Cassandra, a electrónica convértese na linguaxe protagonista, reflectindo o latexo da xeración de mozas galegas á que pertencen. As viguesas contan neste álbum, ademais, coa colaboración de nomes como **Abraham Cupeiro, Ede, Pipiolas e Zetak**.

O álbum articúlase arredor de doce temas que funcionan como un espazo de confianza, un xesto político de escoita nun contexto de fragmentación social. Desaducia xa se coñecen tres adiantos: 'saír á fresca', 'insolación' e a recente 'déixate ver'.

A presentación ao vivo de 'Tertúlia' chegará o 9 de maio **no Recinto Feiral de Pontevedra**. **Fillas de Cassandra** e numerosas colaboradoras -que se darán a coñecer nestas semanas- citarán ao público para poñer, por fin, a palabra no centro. As entradas para a gran estrea da 'Tertúlia' xa están á venda.

## **EXPOSICIÓN 'TERTÚLIA: DOCE CANCIÓNS, DOCE CADEIRAS'**

### **HORARIO DE APERTURA AO PÚBLICO**

Martes 7, de 17:00 a 20:00 horas

Mércores 8, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas

### **Kit de prensa 'Tertúlia'**

[https://cutt.ly/presskit\\_fdc\\_tertulia](https://cutt.ly/presskit_fdc_tertulia)

### **Contacto de prensa Fillas de Cassandra**

Lucía Pita | 675 404 321 [lucia@tremendoaudiovisual.com](mailto:lucia@tremendoaudiovisual.com)